



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS DE PISCINAS

FUNDAMENTO E RÉXIME

Artigo 1º

Este concello, ao abeiro das potestades que lle confire o artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de acordo co previsto no artigo 20.4.o) da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, establece a taxa pola utilización de piscinas, que se rexerá por esta ordenanza, redactada consonte ao disposto no artigo 16 da citada Lei 39/1988.

FEITO IMPOÑIBLE

Artigo 2º

Constitúe o feito imponible desta taxa o uso das piscinas municipais, así como a prestación dos servizos dos que están dotados estas instalacións.

SUXEITOS PASIVOS

Artigo 3º

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que sexan usuarios das instalacións contempladas nesta ordenanza.

RESPONSABLES

Artigo 4º

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38 e 39 da Lei xeral tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e o alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

COBRAMENTO

Artigo 5º

A obriga de contribuír nacerá co inicio da utilización dos servizos mediante a entrada ó recinto das piscinas, tras o pagamento da correspondente taxa.



BASE IMPOÑIBLE

Artigo 6º

1.- A base imponible deste tributo será a do número de persoas que efectúen a súa entrada.

COTA TRIBUTARIA

Artigo 7º

1.- A contía da taxa reguladora nesta ordenanza será fixada, para cada un dos distintos servizos ou actividades, na seguinte tarifa:

a) Pola entrada de persoas ás piscinas:
Clase de entrada; euros;

- Nenos ata 3 anos: exentos.-
- Nenos ata 10 anos: 1,00 €.-
- Adultos: 2,00 €;
- Maiores de 65 anos: exentos.-

b) Por bonos de tempada:
Clase de bono; euros;

- Individual de maiores: 8 Euros.-

EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Artigo 8º

De conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, non se concederá ningunha exención nin bonificación na exacción desta taxa, agás as expresamente previstas nas normas con rango de lei ou as derivadas da aplicación dos tratados internacionais.

DECLARACIÓN E INGRESO

Artigo 9

O pagamento desta taxa efectuarase no momento de entrar ó recinto do que se trate.



INFRACCIÓNS E SANCIONES

Artigo 10º

No tocante á cualificación de infraccións tributarias e ás sancións rexerá o disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria e nas demais normas de aplicación.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP, e aplicarase a partir do 1 de xaneiro de 2004, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

San Cibrao das Viñas, 20 de outubro de 2003

A ALCALDESA;